



10 RAZÓNS PARA PROTEXER AS PRADARÍAS MARIÑAS GALEGAS

1. Sabías que se calcula que o valor económico dos servizos ambientais que nos proporciona unha pradaría mariña é 100 veces superior ao dun bosque tropical e 1000 veces superior á dun prado terrestre?
2. Os prados mariños dan refuxio, alimentación e son zona de cría para moitas especies que non poden vivir en fondos mariños sen vexetación.
3. Son como unhas garderías mariñas: Nelas hai unha gran cantidade de xuvenís de crustáceos, moluscos ou peixes buscando refuxio dos depredadores.
4. Os chocos, xibas, (*Sepia officinalis*) crían nas pradarías, poñendo os seus ovos nas follas das cebas, e son hábitats imprescindíbeis para moitas especies.
5. Moitas aves acuáticas aliméntanse nas pradarías, de todos os animais que viven nelas ou directamente das follas das xebbras.
6. Os cabaliños de mar e outras especies necesitan as pradarías para sobrevivir. Enganchan nas cebas a súa cola mentres descansan ou se alimentan.
7. Axudan a protexer á beiramar da erosión e actúan como diques naturais, nomeadamente nos grandes temporais.
8. Melloran a transparencia da auga porque coas súas raíces e estrutura reducen a mobilización de sedimentos.
9. Grandes aliadas na loita fronte ao cambio climático; ademais de ter unha alta capacidade de capturar CO₂, levan milleiros de anos acumulándoo nas súas estruturas.
10. Son bioindicadores que nos mostran cando o facemos mal, porque estas plantas mariñas móstranse especialmente sensibles ao aumento da contaminación da auga, da presión das construcións humanas ou ao cambio climático.

